



ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DE EMIGRACIÓN E O CONSELLO DA CULTURA GALEGA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES RELACIONADAS COA EMIGRACIÓN GALEGA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Presidente do Consello da Cultura Galega, DECLARA:

Que este Consello da Cultura Galega ten previsto formalizar coa Secretaría Xeral de Emigración o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 20 de xuño ata o 31 de decembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Secretaría Xeral da Emigración e o Consello da Cultura Galega para a realización de actividades relacionadas coa promoción, conservación e recuperación do patrimonio cultural da emigración galega.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración da Comunidade Autónoma ao que lle corresponden as competencias en materia de desenvolvemento da Lei 7/2013 do 13 de xuño, da galegitude, relacións coas comunidades galegas no exterior e política de retorno en Galicia. A Secretaría Xeral da Emigración ten interese na promoción, conservación e recuperación de patrimonio cultural galego da nosa emigración.

O Consello da Cultura Galega é unha institución estatutaria, creada ao abeiro do disposto no artigo 32 do Estatuto de Autonomía, mediante Lei 8/1983 do 8 de xullo. Cun carácter de órgano asesor e consultivo, con capacidade de iniciativa, investigación e organización, ao Consello da Cultura Galega compételle a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego.

Entre os obxectivos do Consello da Cultura Galega figura o fomento e preservación da cultura galega no exterior. Con esta finalidade creouse no seo do Consello da Cultura o Arquivo da Emigración Galega, coa finalidade de recuperar e poñer en valor a memoria

da emigración como un aspecto determinante no devir da Galicia contemporánea, así como recompilar as fontes documentais sobre a emigración galega.

Así, conscientes da importancia da necesidade de preservar e difundir a memoria da emigración a Secretaría Xeral da emigración da Xunta de Galicia e o Consello da Cultura Galega teñen previsto desenvolver:

- Difusión das exposición «Os adeuses. Fotografías de Alberto Marti e «Galicia imaxinada. A imaxe de Galicia nas revistas da emigración»; por diferentes lugares de América e Europa.
- Elaboración dunha páxina web sobre o patrimonio cultural da emigración galega, na que se poida consultar a documentación que se conserva no Arquivo da Emigración Galega

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela a 20 de xuño de 2016